

O TRANVÍA NÚMERO FLOR

Texto de **GUIA RISARI**

Ilustracións de **FEDERICO DELICADO**

Tradución de **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartón. 24,5 x 21,5 cm. 32 páx. 16 €

O tranvía número flor (galego)

ISBN 978-84-1343-349-3. Álbum ilustrado. MareMar.

El tranvía número flor (castelán)

ISBN 978-84-1343-350-9. Álbum ilustrado. Obras de autor.

El tramvía número flor (català)

ISBN 978-84-1343-350-9. Àlbum il·lustrat. Obres d'autor/a.

O elétrico número flor (português)

ISBN 978-989-749-196-2. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Il tram numero flore (italiano)

ISBN 978-84-1343-346-2. Obras de autor.

Laura sempre contaba historias increíbles. Falaba dun tranvía no que sucedían cousas extraordinarias. Ninguén a cría, agás Omar, un rapaz reservado e melancólico.

–Estraño a miña casa –díciá el–. Estraño o país onde nacín.

–Queres volver a velo? –preguntoulle Laura un día...

A historia dunha viaxe que amosa o poder da amizade e da imaxinación como porta cara ao extraordinario.

“Todo é posible” para quen abre a súa mente á fantasía e ao asombro. «O tranvía número flor» ofrécenos unha viaxe increíble por terra, aire e mar facendo parada en lugares maravillosos, compartindo asento con insólitos pasaxeiros que vibran de entusiasmo e ven como se disipan os sentimentos máis grises. É o que lles ocorre aos protagonistas deste fermoso e sorprendente relato creado por Guia Risari e ilustrado por Federico Delicado. Omar, que estraña o seu país de orixe, e Laura, coa súa desbordante inventiva, son dous nenos que viven unha experiencia única coa que estreitan a súa amizade.

Da complicidade do texto e das imaxes xorde un xogo que cuestiona os límites da realidade. Trátase dunha proposta literaria que combina breves diálogos con descrições suxestivas e estimulantes a nivel sensorial.

Imposible abstraerse á beleza dunhas ilustracións tecnicamente maxistras que —con referencias ao poder da lectura— reforzan ese caudal onírico con exuberantes e exóticas paisaxes, onde o detallismo dos escenarios contrasta coa presenza de elementos surrealistas, enigmáticos, de fondo calado filosófico. Brillantes achegas que abren posibilidades de reflexión e de diálogo en cada páxina, convertendo «O tranvía número flor» nunha historia que vai máis aló das palabras.



- **Temática:** imaxinación, fantasía, migración, saudade, amizade.
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.
- **Aspectos destacables:** diversidade, identidade, morriña; viaxes, natureza; realismo máxico, surrealismo, filosofía, soños; da autora de «[Aquiles o puntiño](#)»; do autor de «[Ícaro](#)» (VII Premio Compostela) e ilustrador de «[Terra de ninguén](#)» (Premio Inge Feltrinelli 2024), «[O Bolero de Ravel](#)», «[Unha longa viaxe](#)», «[O neno bisesto](#)», «[Axente X.99](#)», «[Escritos en el mar](#)», «[Escritos de otro mundo](#)», «[Escritos en la guerra](#)» e «[Mundinovi](#)» (VIII Premio Orihuela).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-tranvia-numero-flor-gal>

Guia Risari

(Milán, 1971)

Licenciada en Filosofía Moral pola Universidade de Milán, cun Master en Estudos Xudeus Modernos cursado en Inglaterra, ademais de estudar literatura comparada da migración en Francia. É escritora, tradutora, formadora e investigadora. Publicou e traduciu numerosos ensaios e novelas. Tamén é autora de contos infantís e poemas. Colabora con editoriais, grupos de teatro, revistas e outros medios de comunicación, ademais de impartir cursos e obradoiros.

<http://www.guiarisari.com>

Federico Delicado

(Badaxoz, 1956)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense. En 1980 iniciou a súa traxectoria profesional elaborando materiais audiovisuais e traballos para prensa. Participou en exposicións de pintura e escultura. Publicou numerosos libros para público infantil e xuvenil. Entre as distincións que recibiu destacan o Premio Lazarillo 2020 e o VII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado por «Ícaro», que tamén figura nas listas de honra The White Ravens 2015, IBBY (ilustración) 2016 e Fundación Cuatrogatos 2016.

<https://www.instagram.com/delicadofederico/>

